

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 6

**SESION EXTRAORDINARIA DO 30 DE MAIO DE 2016**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO  
POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
Gago Bugarín, Diego José  
Muñoz Fonteriz, Elena  
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE  
VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois  
López Barreiro, Margarida  
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Abelairas Rodríguez, Isaura (concelleira grupo municipal Socialista)  
González Sánchez, Elena (concelleira do grupo municipal Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día trinta de maio do ano dous mil dezaseis, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera,

Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

**ÚNICO (80).- SORTEO DE FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS VINDEIRAS ELECCIÓNS XERAIS DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NA LEI ORGÁNICA DO RÉXIME ELECTORAL XERAL E INSTRUCCIÓN DA XUNTA ELECTORAL CENTRAL.**

ANTECEDENTES.- En cumprimento do artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, convocouse sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que se realiza o día da data, na Casa do Concello ás nove horas e nove minutos, a fin de facer o sorteo da formación das mesas electorais para as vindeiras Eleccións Xerais, convocadas por RD número 184/2016, do 3 de maio, publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 107, do 3 de maio de 2016.

O Sr. Presidente explica brevemente o sistema para o sorteo de formación das mesas electorais, indicando que se sacarán nove números ó chou, do 1 ó 999, para escoller cada un dos membros a designar, que corresponderán co número do censo electoral.

No caso de que tal número non cumpra os requisitos de idade ou titulacións requirida será designado o número seguinte.

Os devanditos números son os que seguen:

PRESIDENTE	999
1º VOCAL	119
2º VOCAL	230
PRESIDENTE 1º SUPLENTE	710
PRESIDENTE 2º SUPLENTE	420
1º VOCAL 1º SUPLENTE	909
1º VOCAL 2º SUPLENTE	650
2º VOCAL 1º SUPLENTE	400
2º VOCAL 2º SUPLENTE	555

VOTACIÓN.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar, tralo sorteo público realizado, a constitución das mesas electorais para as vindeiras eleccións xerais. Acordar a súa remisión á Xunta Electoral de Zona de Vigo, de conformidade co disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e once minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.